



Concello de Xinzo de Limia

BANDO

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réxime local, con motivo da publicación o día **01.05.2020** da Orde do Ministerio de Sanidade sobre **AS CONDICIÓN NAS QUE SE PODE REALIZAR ACTIVIDADE FÍSICA NON PROFESIONAL AO AIRE LIBRE DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19, SE INFORMA** á veciñanza do seguinte:

PRIMEIRO.- Que a partir das **00.00 horas do día 02.05.2020** podese saír do domicilio PARA REALIZAR DEPORTE INDIVIDUAL OU PASEAR, cos seguintes requisitos:

1.IDADE: as persoas de **14 ANOS EN ADIANTE.**

PASEOS

- un paseo ao día
- e a unha distancia non superior a 1 quilómetro con respecto ao domicilio
- ENTRE AS 6:00 E AS 10:00 HORAS E DAS 20:00 ÁS 23 HORAS (de 14 ata 70 anos);

DE 10 A 12 HORAS E DE 19 A 20 horas, os maiores de 70 anos e persoas que necesiten saír acompañados por situacións de necesidade.

DEPORTE (INDIVIDUAL)

-queda permitida unicamente a práctica non profesional de calquera deporte individual que non requira contacto e só poderase realizar de maneira individual.

Con todo, aquelas persoas que por necesidade teñan que saír acompañadas poderán facelo por unha persoa convivente, unha persoa empregada de fogar a cargo ou persoa coidadora habitual.

- estando está permitida dentro do municipio onde se reside
- unha vez ao día
- ENTRE AS 6:00 E AS 10:00 HORAS E DAS 20:00 ÁS 23 HORAS;

DE 10 A 12 HORAS E DE 19 A 20 horas, os maiores de 70 anos e persoas que necesiten saír acompañados por situacións de necesidade.

NENAS/OS: MENORES DE 14 ANOS

- Se establece agora unha franxa horaria para os paseos da poboación infantil: ENTRE AS 12 E AS 19 HORAS

- unha vez ao día

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: 927SMHP54NW4D4G9JW4CWRA | Corrección: https://xinzoelimia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Xinzo de Limia

- a unha distancia non superior a 1 quilómetro con respecto ao domicilio
- por un tempo máximo 1 hora

As franxas horarias poderán excepcionalmente por razóns médicas debidamente acreditadas, así como por motivos de conciliación xustificadas dos acompañantes das persoas maiores, menores ou con discapacidade.

2.LUGARES PERMITIDOS: Poderase circular por calquera vía ou espazo de uso público, incluídos os espazos naturais e zonas verdes autorizadas.

Non estará permitido o acceso a instalacións deportivas pechadas.

Non se poderá facer uso de vehículo motorizado ou do transporte público para desprazarse co fin de practicar a actividade física.

3.REQUISITOS:

-Manterse unha distancia interpersonal con terceiros de polo menos dous metros, así cumprir coas medidas de prevención e hixiene

-Débense evitar os espazos concurridos, así como aqueles lugares onde poidan existir aglomeracións.

-Na medida do posible, a actividade física permitida debe realizarse de maneira continuada evitando paradas innecesarias e sendo estas polo tempo estritamente necesario.

4.PROHIBICIÓN: Non poderán saír a pasear ou facer deporte, as persoas que presenten síntomas ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliar por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19.

SEGUNDO.- O Concello de Xinzo de Limia recomenda a toda a veciñanza o cumprimento estrito das normas establecidas para os desprazamentos, respetando o distanciamento entre persoas, evitando os lugares concurridos, observando tódalas medidas sanitarias e de protección e en especial o uso de mascarillas.

As Autoridades e os seus axentes poden advertir, e tramitar propostas de sanción por conductas inapropiadas.

O que fago saber para xeral coñecemento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: 9275MHP54NW4D34G9JW4CWRA | Corrección: https://xinzoelimia.sectelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2